

CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DO DIRECTOR DE RECURSOS HUMANOS DA CRTVG 22 DE XANEIRO DE 2025 POLA QUE SE CONVOCA UNHA PROBA PARA A AMPLIACIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN NA CATEGORÍA DE CONTROL DE CÁMARA NA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA S.A.

Advertido un erro na citada resolución resulta preciso facer as seguintes correccións:

No apartado 7.2.1 relativo ao **Exercicio teórico tipo test** onde di:

“Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de vinte e cinco preguntas (40) preguntas tipo test, propostas polo tribunal, máis cinco (5) preguntas de reserva, sobre o contido do programa recollido como anexo II desta convocatoria. Cada pregunta conterá catro respostas alternativas das cales só unha delas será a correcta. As respostas incorrectas non penalizarán.

O exercicio terá unha duración máxima de cincuenta (50) minutos e cualificarase de 0 a 40 puntos.”

Debería dicir:

“Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de corenta preguntas (40) preguntas tipo test, propostas polo tribunal, máis cinco (5) preguntas de reserva, sobre o contido do programa recollido como anexo II desta convocatoria. Cada pregunta conterá catro respostas alternativas das cales só unha delas será a correcta. As respostas incorrectas non penalizarán.

O exercicio terá unha duración máxima de sesenta (60) minutos e cualificarase de 0 a 40 puntos.”

O que se fai público e se comunica ao tribunal para os efectos pertinentes.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2025

O director de Recursos Humanos da CRTVG

Víctor Tubío Villar